

A sociedade que se nos impón de lonxe

Luis Garrido Medina é catedrático de Socioloxía na UNED e director do departamento de Estructura Social, un dos máis científicos e creativos de Socioloxía en España. Os seus traballos son centrais para coñecer a estrutura do traballo no país, e apuntan a unha articulación con outras liñas de traballo internacional. O tamén catedrático de Socioloxía na Complutense de Madrid e escritor, Fermín Bouza Álvarez, mantivo con el unha longa conversa que reproducimos nas páxinas que seguen.

- 09:22 01/02/2000

-Luis Garrido. O de estar a favor do traballo simplemente é unha consecuencia da constatación de que o traballo é central na nosa vida, na vida dos humanos. Claro é que o que resulta con máis capacidade de identificación é o traballo exterior, o que podemos chamar extradoméstico, o traballo productivo, do que se obteñen recursos. Tamén o traballo doméstico é nembargantes unha dimensión fundamental da persoa. En xeral, o traballo é a capacidade que teñen os humanos para cambia-lo mundo no que viven ó seu favor. Dende ese punto de vista, é lóxico que sexa un elemento moi importante das súas vidas.

-Fermín Bouza. No sistema crecente de definición da economía como un sistema mundial, ¿que sociedades consideras que están mellor preparadas e teñen un mellor futuro para aborda-lo tema do traballo, e por que?

-L.G. O noso coñecemento do futuro ten que basearse necesariamente no que está pasando e relativamente no que pasou hai pouco. Movémonos mediante a observación de tendencias do que coñecemos e vendo cara a onde están levando esas tendencias ós diferentes países. En realidade, o estudio En favor do traballo ó que fixemos referencia podería chamarse En favor do traballo asalariado. Ese estar a favor do traballo asalariado non é nin unha postura moral nin electiva. Derívase de coñecer-lo que está a pasar nas sociedades nas que vivimos, e de prever cara a onde vai a evolución da forma de traballar da xente.

Nos países máis desenvolvidos téndese ó incremento da proporción de xente que traballa a cambio dun salario, que traballa en empresas nas que os propietarios son unha minoría ou están fóra do traballo da empresa por medio de accións. Esas persoas non adoitan traballar a obra feita, por produto que fabriquen ou servizo que dan, senón cun horario. A combinación do horario e do salario é a que ten máis posibilidades de futuro e con máis presenza nas sociedades desenvolvidas.

-F.B. Falemos dos sistemas de recompensas. Preguntémonos qué tipo de traballador e de sistema productivo podería ter mellor futuro en función da dobre dinámica de confrontación entre un sistema liberal, no sentido máis moderado do termo, e un sistema clásico socialdemócrata de estado de benestar. Frecuentemente, as descargas que se tiran dunha trincheira a outra van no sentido de "vostedes están premiando a improproductividade, están xerando débeda pública, están criando e creando vagos, e iso só pode

ocasionar graves problemas de financiamento xeral do Estado".

Do outro lado, repróchaselle ó mecanismo de mercado unha certa incapacidade para modera-los conflitos sociais que van asociados ás dificultades que o propio sistema de mercado conleva: un certo paro estrutural, unha crecente marxinalidade nos países centrais, como pode se-lo o caso dos Estados Unidos. Neste debate contemporáneo, ¿onde podería estar algo parecido ó que puideramos chama-la razón?

-L.G. Desde o punto de vista de análise das sociedades, declárome sen ningún recato evolucionista, non no sentido que ás veces vulgarmente se lle dá a esa palabra, de crer que a evolución é lineal e que hai un fin. Non é así. A evolución é bastante cega, pero réxese por un factor que é o éxito. Das dúas opcións das que me falas, eu creo que as dúas tiveron éxito. Cada unha tivo éxito en aspectos distintos. A cuestión é sabermos responder a ¿que elementos van dirimir cal dos dous sistemas vai triunfar, cal das dúas orientacións do sistema?

Considero que son dúas orientacións dun mesmo sistema e que triunfarán as dúas. En ámbitos específicos, pódese falar dos triunfos dunha ou da outra. Por exemplo, en capacidade productiva, en xeración do emprego e en integración laboral, é Estados Unidos quen parece estar triunfando practicamente desde o ano 75. A administración Clinton creou vinte millóns de empregos.

Sen embargo, en integración e igualdade social, en servicios ós cidadáns, dá toda a impresión de que quen triunfa é a sociedade europea, sobre todo a sociedade europea central que, tanto cando está gobernada por socialdemócratas como cando está gobernada por liberais, ten unha porcentaxe de gasto público moi importante, unha porcentaxe de empregados públicos moito máis elevada cá americana, e un nivel de integración social e de desaparición de pobreza severa e convencional moi alto.

Os éxitos están sendo distintos. No tocante á competencia no comercio internacional e á competencia no control da tecnoloxía, fundamentalmente das comunicacións, parece que o que neste momento está triunfando é a sociedade norteamericana.

-F.B. Dísenos que o traballador do futuro e xa do presente ten como base fundamental a formación permanente. A isto engádeselle a versatilidade. O outro día escoitei dicir que o traballador do futuro, adaptado a estas sociedades emerxentes neoliberais ou neosocialdemocrátas, ha de ser un traballador non especializado. Gustaríame que me precisaras se esta versatilidade ten que ver cunha especialización continua, ou ten que ver cunha desespecialización e cun xeralismo que non acabo de ver claro.

-L.G. A cuestión da formación ten dimensións contradictorias. ¿En que sentido? Creo que falar de desespecialización é ignora-la realidade organizativa do mundo productivo actual. Actualmente, para facer algo útil na maior parte das ramas do saber hai que estar moi especializado, e para traballar en produción tamén. Vese que, tanto no campo da ciencia como nos campos productivos, é preciso especializarse.

O que ocorre é que a especialización non é definitiva no sentido de que, como hai transformacións, hai que ir integrando os novos elementos da especialización, pero o que non vai pensar un é que unha persoa comeza sendo biólogo, logo pasa a ser sociólogo e remata en filósofo. Iso é extraordinariamente difícil. O outro día falaban de cantos teoremas matemáticos novos se producen ó día.

-F.B. Hai un tipo de traballador que ata o de agora era máis ben anecdótico, pero que sen embargo cada vez conta con máis presenza. Hai pouco, aparecía na prensa que unha empresa británica mandou 10.000 traballadores para a súa casa. Conectounos en rede, púxolles un ordenador á súa disposición e, desde o seu domicilio, executan un traballo semellante ó que estaban facendo na propia empresa. ¿Ve-lo teletraballo

como unha alternativa masiva nun futuro próximo ou como unha anécdota?

A cara e a cruz do teletraballo como alternativa

-L.G. Os seres humanos sacan moito beneficio da organización do seu tempo e de ter unhas certas regularidades. A dimensión cíclica da vida axústase moi ben á dimensión animal do ser humano: durmir, comer, pensar, traballar, descansar... Son ciclos moi importantes, e a salarización axuda á organización deses ciclos e á organización do ciclo económico da persoa, dos axustes dos seus gastos ós seus ingresos, de ter un ritmo de gasto que che permita medir qué expectativas de gasto téns en función dos hábitos que vas elaborando ó longo das entradas e saídas de recursos que, co salario, se volven previsibles e máis facilmente controlables.

No traballo asalariado, hai outro elemento moi importante, o factor social, o das relacións cos outros humanos. As relacións cos humanos en xeral son un asunto caro. Hai que facer esforzos por ve-la xente, sobre todo nas cidades, nos sitios nos que o transporte e o movemento non é sinxelo. O traballar xuntos, o que persoas con intereses, coñecementos e actividades semellantes compartan espazos de maneira regular e sistemática, facilita moito as relacións entre as persoas e proporciónalles unha dinámica regular, unha referencia, unha imaxe de si mesmos e unha conciencia vital que é moi favorable para os humanos.

Dende ese punto de vista, o teletraballo pode te-lo problema do illamento e da neurotización das persoas. Pode suceder que o que inicialmente se vive como unha liberación se converta nun cárcere. Desde ese punto de vista, é probable que os custos fosen maiores cós beneficios e que o teletraballo se convertese para unha chea de xente afectada.

F.B. É importante subliña-la cara e o envés do que sen dúbida empeza a representar xa unha alternativa real no mundo do traballo. Paréceme pois necesario que desenvovas máis amplamente o que ó teu ver pode dar de si.

L.G. O problema do teletraballo é que, ó non haber un control de horas, podería darse un control do produto, que sempre é máis duro. Actualmente está regulado que a xente non traballe moitas horas. Hai unha defensa sistemática e bastante eficiente nos países occidentais do cumprimento dunha xornada establecida.

Sen embargo, se a xente se pon a competir mediante o teletraballo e hai algúns que son máis eficientes ca outros, pediránlle-lo o mesmo produto e poida que os menos eficientes pasen a sufrir unhas angustias inmensas. Non é casualidade que nas sociedades máis desenvolvidas estea asalariada o 90 por cento da xente que traballa. A xente debe velo como o sistema de adaptación á produción máis eficiente.

-F.B. Hai tres sociedades que estiveron competindo e interactuando entre si nos últimos decenios: Estados Unidos como gran potencia económica, Xapón como a súa alternativa, e Alemaña como unha ameaza de futuro para ámbalas dúas. Hai, nembargante, sociedades emerxentes, cun papel que eu persoalmente non acabo de ver claro. Temos unha ex URSS ou Rusia, que está nun momento malo, que tardará moito tempo en converterse nunha sociedade eficiente, pero tamén temos sociedades sorprendentes neste momento. Penso en China. Vén dun réxime comunista tradicional e mantén agora unha área económica en expansión absolutamente neoliberalizada.

China mesmo creou cidades novas, segundo o modelo máis estrictamente americano. Dentro destas cidades, como se fosen un mundo aparte, China dispónse a competir con estas tres grandes potencias, cuns recursos humanos detrás formidables e, ó mesmo tempo, agarrada politicamente a un sistema autoritario tradicional.

¿O caso de China é anecdótico? ¿Podemos dicir que é irrelevante o que está acontecendo aí? -**L.G.** Coa cantidade de xente que vive en China, non pode ser irrelevante o que fagan. De China temos pouca información. Eu, sinceramente, sei pouco de China. Teño maior coñecemento desa tripolaridade entre Xapón, Estados Unidos e Europa, máis que Alemaña, aínda que penso que ten un papel central e estratéxico na UE.

O sistema monetario europeo montouse sobre o comportamento monetario alemán. O Banco Central Europeo está en Alemaña. A min paréceme que Xapón e Alemaña tiveron unha marabillosa vantaxe durante estes últimos decenios, o non ter exército. É un país cunha forza extraordinaria. Aínda que eles teñen a sensación de que lle dan moito a Europa, eu creo que teñen moito que gañar con Europa. O extraordinario desenvolvemento industrial alemán e xaponés ten que ver con esa ausencia de exército, e con ese poder traballar a resguardo dos enfrontamentos militares, non tanto en termos de guerra, senón en canto ó que supoñen de esforzo económico para o mantemento deses exércitos.

Estados Unidos gañou moito con todo, sobre todo co desenvolvemento das tecnoloxías da información máis que con ningún outro dos seus extraordinarios avances técnicos. Neste momento, parece que ten máis éxito económico ca Alemaña e Xapón pero, en termos de desenvolvemento, estas dúas nacións fixeron extraordinarios progresos.

China configúrase para as outras potencias como un extraordinario mercado, pero ser un mercado implica ter outras moitas cousas ás que probablemente chegará. Neste momento, sabe-locamiño que andarán estas relacións comerciais non é fácil, aínda que case todo apunta a que tódolos países desenvolvidos prestarán un especial interese a ese mercado, e a esa capacidade productiva e comercial que eu considero indubidable.